

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 11 de setembro de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, que na súa parte dispositiva di:

2.8713.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 7/2026 (EXPTES. 2026065273-2026064335)

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ao Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07/2026. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 07/26) por importe de 8.000.000,00 euros

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que esta Intervención emite informe de data 1 de setembro de 2026, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07/2026.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e coas abstención do BNG:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 07/2026 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.



07/26) por importe de 8.000.000,00 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

.- Créditos Extraordinarios "EXT. 07/26":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-3420-762.95	A CONCELLOS, PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS_ COOPERACIÓN (PEID IV_2026).	8.000.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	8.000.000,00 €

Financiamento do expediente Crédito Extraordinarios "EXT. 07/26":

Os Créditos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870.01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios (EXT. 07/26)...	8.000.000,00 €
	TOTAL INGRESOS...	8.000.000,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	8.000.000,00 €
SUMA...	8.000.000,00 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directos.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €



Capítulo 8º Activos financeiros.	8.000.000,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	8.000.000,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	8.000.000,00 €

ORZAMENTO DE GASTOS

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	0,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	8.000.000,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	8.000.000,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	8.000.000,00 €

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 07/2026 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 07/26) por importe de 8.000.000,00 euros, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 07/2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 11 de setembro de 2026

José Antonio Gulías Varela

Secretario da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda

(Documento asinado electrónicamente)

